


Novo complemento para

A REDUCCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO

no Réxime Especial do Mar.




MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

ÍNDICE



● Que é o complemento de pensións para a redución da brecha de xénero?

● Quen ten dereito a este complemento?

● É para todas as pensións?

● Cal é o importe?

● Durante canto tempo se recibirá este complemento?

● En que casos non se recoñece o complemento?

● Complemento de maternidade

● Como pode unha persoa traballadora do mar solicitar o complemento para a brecha de xénero?

● Normativa



QUE É O COMPLEMENTO DE PENSIÓNS PARA A REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO?

A maternidade afecta decisivamente á traxectoria laboral da muller na súa etapa en activo e é unha das causas máis importantes desa brecha. **Canto maior é o número de fillos, menor é o número de anos cotizados, menor é a proporción de contratos a tempo completo ou equivalente, e menor é a pensión recoñecida.**

Para loitar contra esta brecha manifestada nas pensións, adoptáronse as disposicións necesarias a través do Real Decreto-Lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan **medidas para a redución da brecha de xénero** e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico.

Este Real Decreto veu a reformar o artigo 60 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e faino, deixando a porta aberta a que aqueles pais que acrediten un prexuízo na súa carreira de cotización polo nacemento ou adopción dun fillo debido á asunción das tarefas de coidados poidan ter dereito a acceder a este complemento. É dicir, **combínase unha acción positiva en favor das mulleres coa previsión dunha posibilidade para aqueles homes que poidan atoparse nunha situación comparable.**

Se ningún dos proxenitores acreditase o prexuízo na súa carreira de cotización, o complemento percibiríao a muller.

“A maternidade afecta decisivamente á traxectoria laboral da muller na súa etapa en activo e é unha das causas máis importantes desa brecha.”

Por outra parte, **este complemento ten un alcance temporal**, no sentido de que se trata de reparar un prexuízo que sufriron ao longo da súa carreira profesional as mulleres que hoxe acceden à pensión, é dicir, un prexuízo xerado no pasado. En consecuencia, a súa temporalidade **vincúlase á consecución do obxectivo de reducir a brecha de xénero nas pensións contributivas de xubilación por baixo do 5 por cento.**

O Instituto Social da Mariña, como Entidade Xestora deste réxime especial, implicado na igualdade efectiva entre as mulleres e os homes, quere dar a coñecer este novo complemento e a este fin elaborouse o presente folleto informativo.




QUEN TEN DEREITO A ESTE COMPLEMENTO?

Terán dereito a este complemento **as mulleres que tivesen un ou máis fillos e sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, incapacidade permanente ou de viuvez**. A razón de ser deste complemento é a incidencia que con carácter xeral ten a brecha de xénero no importe das pensións contributivas da Seguridade Social nas mulleres.

O dereito a este complemento recoñécese e mantense para a muller **sempre que non haxa solicitude e recoñecemento do outro proxenitor**.

Só poderá recoñecerse a un dos dous proxenitores e aplicarase a feitos causantes producidos a partir do 4 de febreiro de 2021.




“O dereito a este complemento recoñécese e mantense para a muller sempre que non haxa solicitude e recoñecemento do outro proxenitor.”

AS MULLERES

QUE REQUISITOS DEBEN REUNIR PARA SOLICITAR O COMPLEMENTO?

- Que tivesen un ou máis fillos.
- Que sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, incapacidade permanente ou viuvez.

Se os dous proxenitores son mulleres, recoñecerase a aquela que perciba unha pensión pública de menor contía.



OS HOMES

QUE REQUISITOS DEBEN REUNIR PARA SOLICITAR O COMPLEMENTO?

- **Que tivesen un ou máis fillos.**
- **Que sexan beneficiarios dunha pensión contributiva.** Sempre que cumpran algún dos seguintes requisitos:
 - Causen pensión de **viuvez** por falecemento do outro proxenitor e sempre que algún dos fillos en común teña dereito a percibir unha pensión de orfandade.
 - Causen pensión de **xubilación ou incapacidade permanente** contributiva e ver interrompida ou afectada a súa carreira profesional con ocasión do nacemento ou adopción conforme as seguintes condicións:

FILLOS NADOS OU ADOPTADOS	REQUISITOS
ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1994	- Fillos nados: Ter máis de 120 días sen cotización entre os 9 meses anteriores ao nacemento e os 3 anos seguintes á devandita data. - Fillos adoptados: Ter máis de 120 días sen cotización entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e os 3 anos seguintes a esa data.
DESDE O 1 DE XANEIRO DE 1995	- Fillos nados e adoptados: A suma das bases de cotización dos 24 meses seguintes ao do nacemento ou resolución xudicial de adopción, sexa inferior, en máis dun 15%, á de 24 meses inmediatamente anteriores.

A suma das pensións recoñecidas ao home terá que ser inferior á suma das pensións recoñecidas á muller. Este requisito esixirase no momento en que ambos proxenitores causen dereito a unha prestación contributiva nos termos previstos na lei.

Se os dous proxenitores son homes e, ambos cumpren cos requisitos anteriores, recoñecerase a aquel que perciba unha pensión pública de menor contía.

En canto aos fillos:

- Cada fillo dará dereito unicamente ao recoñecemento dun complemento.
- Computaranse os fillos que nacesen con vida ou fosen adoptados, con anterioridade ao feito causante da pensión correspondente.
- Os fillos nados con vida ou que fosen adoptados, terán que ser inscritos no Rexistro Civil.



É PARA TODAS AS PENSÍONS?

Este complemento recoñécese para as pensións contributivas de:

- Incapacidade permanente.
- Viuvez.
- Xubilación.

No caso dunha **pensión de xubilación parcial**, recoñecerase o complemento cando se acceda á xubilación plena unha vez cumprida a idade que en cada caso corresponda.



CAL É O IMPORTE?

O importe do complemento por fillo fíxase na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano. Será incrementada ao comezo de cada ano no mesmo porcentaxe prevista para as pensións contributivas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Para o ano 2022, **o importe é de 28€ mensuais por cada fillo**, co límite de catro veces este importe.

Abónase mensualmente con dúas pagas extraordinarias que se devesen nos meses de xuño e novembro, xunto coa pensión que determine o dereito a este complemento.

En aplicación da normativa internacional: Cando a pensión que determina o dereito ao complemento se xera por totalización de períodos de seguro en aplicación de normativa internacional, ao complemento aplicaráselle a mesma prorrata temporis que resulte de aplicación á pensión á que acompaña.

Nos supostos de **xubilación activa**, nos que se compatibilice pensión e traballo e durante a compatibilidade redúcese a pensión ao 50 por cento, o complemento reducirase na mesma medida. Cando se produza posteriormente a rehabilitación

da pensión na súa contía íntegra, o complemento para a brecha de xénero rehabilitarase igualmente.

Nos casos de **xubilación demorada**: a suma do complemento e a pensión non poden superar o importe da base máxima de cotización.

E se ten a pensión máxima, súmase tamén?

Si. Nos casos de pensións que **superan o límite máximo**, o importe do complemento non será tido en conta para a aplicación dese límite máximo. É dicir, a contía do complemento non está suxeita ao límite máximo de pensión.

Computa para pensións que reciban complementos por mínimos?

O importe deste complemento non terá en conta a consideración de ingreso ou rendemento de traballo a efectos de complemento por mínimos.

Se se reúnen os requisitos establecidos para iso, recoñécese o complemento por mínimos e a este importe súmaselle o complemento para a redución da brecha de xénero.

DURANTE CANTO TEMPO SE PERCIBIRÁ ESTE COMPLEMENTO?

Percibirase **mentres a persoa beneficiaria reciba algunha das pensións xa citadas.**

En consecuencia, o nacemento, suspensión e extinción coincidirá co da pensión que determinase o seu recoñecemento ou no caso de que o outro proxenitor solicite o complemento e cumpra os requisitos esixidos.

O recoñecemento do complemento ao outro proxenitor supoñerá a extinción do complemento xa recoñecido ao primeiro proxenitor, polos mesmos fillos. Producirá efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte á resolución, sempre que se dite nos 6 meses seguintes á solicitude ou, no seu caso, ao recoñecemento da pensión que se cause.

Pasado este prazo, desde o primeiro día do sétimo mes. Antes de ditar a resolución recoñecendo o dereito, darase audiencia ao que viñese percibindo o complemento.



EN QUE CASOS NON SE RECOÑECE O COMPLEMENTO?

- Ao pai ou á nai que fose **privado da patria potestade** por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes á mesma ou ditada en causa criminal ou matrimonial.
- **Ao pai que fose condenado por violencia contra a muller**, exercida sobre a nai nos termos que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España.
- Ao pai ou á nai que fose **condenado por exercer violencia contra os fillos ou fillas**.
- Nos casos de xubilación parcial, recoñeceráse só cando desde a xubilación parcial se acceda á xubilación plena, unha vez cumprida a idade que en cada caso corresponda.
- A pensións do SOVI, do Fondo Especial e viuvez temporal.



“EN QUE CASOS
NON SE RECOÑECE
O COMPLEMENTO?
Ao pai ou á nai que fose
condenado por exercer
violencia contra os fillos
ou fillas.”

COMPLEMENTO DE MATERNIDADE

O complemento de maternidade por achega demográfica recoñéciase a aquelas mulleres que tiveran dous ou máis fillos, biolóxicos ou adoptados e causaban dereito a unha pensión contributiva, cuxa solicitude se presentaba entre o 1

de xaneiro de 2016 ao 3 de febreiro de 2021, aplicando unha porcentaxe en función do número de fillos que vai desde o 5% por dous fillos, o 10% por tres fillos, e o 15% por máis de tres fillos, ao importe da pensión.



Que ocorre con aqueles que xa perciben o complemento de maternidade?


As persoas que, á data de entrada en vigor do complemento de redución da brecha de xénero (4 de febreiro de 2021), estivesen a percibir o complemento de maternidade por achega demográfica, seguirán percibindo o complemento de maternidade.

Este complemento de maternidade será incompatible co novo complemento de pensións contributivas para a redución da brecha de xénero. As persoas interesadas poderán optar entre un ou outro.

E se percibe o complemento de maternidade e o outro proxenitor solicita o novo complemento?

Se o outro proxenitor causou dereito ao complemento de maternidade, solicita o complemento para a redución da brecha de xénero e, correspóndalle percibilo por aplicación do establecido na lei, a contía mensual que se recoñeza deducirase do complemento de maternidade que viñese percibindo con efectos económicos desde o primeiro día do mes seguinte á resolución, sempre que se dite nos 6 meses seguintes á solicitude ou, no seu caso, ao recoñecemento da pensión que se cause. Pasado este prazo, desde o primeiro día do sétimo mes.

“Este complemento de maternidade será incompatible co novo complemento de pensións contributivas para a redución da brecha de xénero.”



COMO PODE UNHA PERSOA TRABALLADORA DO MAR SOLICITAR O COMPLEMENTO PARA A REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO?

Para solicitar este complemento deberase de facer **xunto coa solicitude da pensión de xubilación, incapacidade permanente ou viuvez.**


A túa solicitude debe dirixirse á Dirección provincial ou local do Instituto Social da Mariña correspondente ao seu domicilio. Para o seu trámite será necesario cumprimentar o modelo de solicitude oficial das prestacións que se desexe solicitar e achegar a documentación persoal e específica que se requira.

Pode facerse de forma presencial pero tamén se atopa dispoñible un servizo a través do **Rexistro Electrónico**, na Sede Electrónica da Seguridade Social:

<https://sede.seg-social.gob.es>

Para acceder a este servizo deberás dispoñer de certificado electrónico ou cl@ve permanente. Adicionalmente, dispós de modelos de solicitude normalizados, a través da páxina web da Seguridade Social.

Adicionalmente, ten á súa disposición a posibilidade de presentar a solicitude a través da nova **aplicación móbil ISM no teu peto.**



En resumo, o complemento para a brecha de xénero podes solicitalo xunto coas pensións de xubilación, incapacidade permanente e viuvez polos seguintes medios:

Presencial na
dirección provincial
ou local do ISM
máis próxima ao
teu domicilio.


A través da **Sede
Electrónica** da
Seguridade Social.

Mediante a nova
aplicación móbil
ISM no teu peto.



NORMATIVA

- Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo pesqueiro.
- Real Decreto-Lei 3/2021, do 2 de febreiro, polo que se adoptan medidas para a redución da brecha de xénero e outras materias nos ámbitos da Seguridade Social e económico.



DIRECCIÓN PROVINCIAL	Enderezo	C.P.	Poboación	Teléfono	Correo electrónico
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001	Alicante Alacant	96 512 65 23	alicante.dirprovism@seg-social.es
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002	Almeria	95 062 02 11	almeria.dirprovism@seg-social.es
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012	Palma de Mallorca	97 172 56 06	illesbalears.dirprovism@seg-social.es
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004	Barcelona	93 443 96 00	barcelona.dirprovism@seg-social.es
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006	Bilbao	94 473 90 00	bizkaia.dirprov1.ism@seg-social.es
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006	Cádiz	95 625 17 03	cadiz.dirprovism@seg-social.es
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009	Santander	94 221 46 00	santander.dirprovism@seg-social.es
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202	Cartagena	96 850 20 50	cartagena.dirprovism@seg-social.es
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100	Castellón de la Plana Castelló de la Plana	96 428 30 72	castellon.dirprovism@seg-social.es
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato, 20	51001	Ceuta	95 650 02 40	ceuta.dirprovism@segsocial.es
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201	Gijón	98 532 72 00	gijon.dirprovism@segsocial.es
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014	San Sebastián Donostia	94 348 32 00	gipuzkoa.dirprovism@segsocial.es
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001	Huelva	95 925 74 11	huelva.dirprovism@segsocial.es
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006	A Coruña	88 190 98 00	acoruna.dirprovism@segsocial.es
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007	Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45	laspalmas.dirprovism@segsocial.es
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 – baixo	27002	Lugo	98 222 50 10	lugo.dirprovism@segsocial.es
MADRID	C/ Churruca, 2	28004	Madrid	91 591 99 00	madrid.dirprovism@segsocial.es
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002	Málaga	95 195 57 45	malaga.dirprovism@segsocial.es
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001	Melilla	95 176 43 00	melilla.dirprovism@segsocial.es
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001	Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00	tenerife.dirprovism@segsocial.es
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011	Sevilla	95 428 60 28	sevilla.dirprovism@segsocial.es
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005	Tarragona	97 719 10 00	tarragona.dirprovism@segsocial.es
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024	Valencia	96 335 99 00	valencia.dirprovism@segsocial.es
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202	Vigo	98 621 61 00	vigo.dirprovism@segsocial.es
VILAGARCÍA	Avda. de la Marina, 23	36600	Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00	vilagarcia.dirprovism@segsocial.es



MÁIS INFORMACIÓN

Páxina web



Sede Electrónica



Descarga a aplicación ISM no teu peto



MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Publicación incluída no programa editorial do Ministerio de Inclusión,
Seguridade Social e Migracións (Real Decreto 2/2020, do 12 de xaneiro)

Nesta publicación utilízouse papel ecolóxico de acordo
cos criterios ambientais da contratación pública.

<https://cpage.mpr.gob.es>



MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA